


# Sinsal

Primavera



festival.sins.al

**Abril-Maio 2024**  
VIGO | SALA RADAR | MARCO

## A estadounidense Kristin Hersh actuará este venres 19 no Sinsal Primavera

As últimas entradas dispoñibles para ver no MARCO á artista underground,  
vocalista de Throwing Muses, están á venda na plataforma [Enterticket](#)



Kristin Hersh participa no Sinsal Primavera no marco da súa xira europea © Pete Mellekas

**Vigo, 15 de abril 2024.-** O **Sinsal Primavera 2024**, o evento especializado en música de vangarda que promove a promotora Sinsalaudio, terá este venres, 19 de abril, a súa segunda cita. Nesta ocasión, o MARCO acollerá a estrea en Vigo dunha das voces máis recoñecidas da escena underground estadounidense das últimas décadas: Kristin Hersh. As entradas para o directo, que comezará ás 20.30 horas, están á venda na plataforma [Enterticket](#).

Sinsal Primavera, que conta coa colaboración principal do Concello de Vigo, procura visualizar proxectos musicais de vangarda dunha ampla variedade estilística e que cuxa inclusión no círculo habitual da programación das salas de concertos é infrecuente. Desta quenda, o evento propón descubrir unha das creadoras máis relevantes da escena alternativa norteamericana, como é **Kristin Hersh**, quen chega á cidade olívica no marco da súa xira europea para dar a coñecer o seu último traballo discográfico, *Clear Pond Road* (2023), un coidado disco que propón un auténtico *road trip* a través de historias persoais da cantante e guitarrista de Atlanta.

**Kristin Hersh** é un dos nomes clave do underground estadounidense, tanto pola súa carreira en solitario (con máis de dez traballos discográficos asinados por ela) como por estar ao fronte, desde os anos 80, da mítica banda Throwing Muses; ademais de ser parte de 50FootWave. Innovadora do rock, comprometida co feminismo, crítica coa industria e posuidora dunha voz única -que viaxa entre a suavidade do melódico e até os berros apaixonados-, estrearse en Vigo para pechar a súa xira por España, ademais de revisar outros temas da súa discografía. A cita, que será en formato acústico, é de visita obrigada non só para as e os amantes do indie, senón da música.

O concerto de Kristin Hersh comezará ás 20.30 horas do venres 19, mais a apertura de portas terá lugar ás 20.15 horas. As entradas para este segundo directo de Sinsal Primavera 2024, no que o alumnado dos conservatorios vigueses ten desconto, están á venda desde 15€ (máis gastos de xestión) na plataforma en liña [Enterticket](#). A seguinte e derradeira cita deste Sinsal Primavera será o xoves **9 de maio** no MARCO e virá da man do saxofonista berlinés **Julius Gabriel**.

## SINSAL PRIMAVERA 2024 | KRISTIN HERSH

Data: Venres 19 de abril

Hora: 20.30h (apertura de portas ás 20.15 horas)

Lugar: MARCO de Vigo

Evento: Concerto de Kristin Hersh, quen presenta en acústico *Clear Pond Round*.

Escoita Kristin Hersh en [Spotify](#)

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 [prensa@sinsalaudio.org](mailto:prensa@sinsalaudio.org)

Sala de prensa do Sinsal Primavera 2024: <https://festival.sins.al/gl/prensa>

COLABORADOR PRINCIPAL



ORGANIZA

SINSALAUDIO

COLABORAN



festival.sins.al